



BANDO

**D. CÉSAR LONGO QUEIJO, ALCALDE PRESIDENTE DO
CONCELLO DE PADERNE,**

FAI SABER:

MEDIDAS E RECOMENDACIÓNS PARA EVITAR CONTAXIO COVID-19

Polo presente comunícase a toda a veciñanza do Concello de Paderne, que tras coñecemento das medidas e recomendacións feitas pola Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, procédese a tomar as seguintes medidas e recomendacións dende o día 13 de marzo ata novo aviso:

1.- A atención ao público nas dependencias municipais verase limitada a casos de extrema urxencia. Os canles preferentes de tramitación serán os telemáticos na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodepaderne.es/opencms/es>)

2.- Peche de todas as instalacións e locais municipais, non podendo desenvolverse actividade algunha nos mesmos.

3.- O rexistro xeral empregarase preferentemente de xeito telemático, e no caso de ser imposible e urxente, de xeito TELEFÓNICO con horario de de 10.00 – 13.00.

4.- O Rexistro civil tramitará unicamente servizos urxentes previa concertación de cita de xeito telefónico no 981797001.

As ditas medidas iranse adaptando á situación epidemiolóxica de cada momento e informase de cada variación que se poida producir con respecto a elas.

Este concello envía unha mensaxe tranquilizadora á veciñanza e insiste en que sigan as instrucións das autoridades sanitarias. Así mesmo, recoméndase consultar fontes oficiais para informarse, como á páxina do Ministerio de Sanidade (www.msccbs.gob.es) ou o teléfono de información para a cidadanía 900 400 116.

Pregamos á veciñanza a máxima colaboración. Deter o virus é cousa de todos/as.

Documento asinado dixitalmte
Alcalde:César Longo Queijo



BANDO

D. CÉSAR LONGO QUEIJO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADERNE,

Fai saber:

Ante a situación de emerxencia sanitaria e o estado de alarma, o Concello de Paderne, ponse a disposición das persoas maiores que viven soas e que non teñen apoio social na contorna, así como de todas aquelas que se atopen en calquera situación de especial vulnerabilidade para achegarlles alimentos de primeira necesidade e/ou medicamentos.

Asi mesmo rogo a tódolos veciños e veciñas, que se coñecedes a alguna persoa que se atope nesta situación contacte con nos a través do teléfono : 622 940 161

PADERNE, 20 de marzo de 2020

Documento asinado dixitalmte

Alcalde:César Longo Queijo